

## ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	2
Artigo 1.- Obxecto.....	2
Artigo 2.- Marco normativo.....	2
CAPÍTULO II. DA VENDA AMBULANTE.....	2
Artigo 3.- Concepto de venda ambulante.....	2
Artigo 4.- Modalidades de venda ambulante.....	2
Artigo 5.- Competencias municipais.....	2
Artigo 6.- Emprazamento da venda ambulante.....	3
CAPÍTULO III. DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.....	3
Artigo 7.- Características das autorizacións.....	3
Artigo 8.- Requisitos para o exercicio da venda ambulante.....	4
Artigo 9.- Outorgamento, anulación, suspensión ou modificación da autorización.....	6
Artigo 10.- Tarxeta de Identificación Municipal de Venda Ambulante.....	6
Artigo 11.- Rexistro municipal de vendedores ambulantes.....	6
CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DA VENDA AMBULANTE.....	6
Artigo 12.- Réxime de funcionamento.....	6
Artigo 13.- Obrigas dos vendedores.....	7
Artigo 14.-.....	7
Artigo 15.- Taxas.....	8
CAPÍTULO V. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE.....	8
Subcapítulo 1.- Venda en "mercadillos".....	8
Artigo 16.- Réxime de funcionamento.....	8
Subcapítulo 2.- Venda en festas populares e noutros "mercadillos" ocasionais.....	9
Artigo 17.-.....	9
Subcapítulo 3.- Venda en postos na vía pública e postos demontables.....	9
Artigo 18.-.....	9
Artigo 19.- Venda ambulante na vía pública sen posto.....	9
Artigo 20.- Rúas nas que se permite este tipo de venda.....	9
Subcapítulo 4.-Venda en vehículos de carácter itinerante.....	9
Artigo 21.-Réxime de funcionamento.....	9
Subcapítulo 5.-Venda de produtos agrícolas de tempada polos propios produtores.....	10
Artigo 22.- Actividades permitidas.....	10
Artigo 23.- Da autorización e circunstancias presentes para a súa autorización.....	10
Artigo 24.- Características especiais dos postos.....	10
Artigo 25.-.....	10
CAPÍTULO VI. DEROGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS.....	10
Artigo 26.-Extinción.....	10
CAPÍTULO VII. RÉXIME SANCIONADOR.....	10
Artigo 27.- Infraccións e sancións.....	10
Artigo 28.- Sancións.....	11
Artigo 29.- Procedemento.....	11
Disposición derogatoria.-.....	11
Disposición final.-.....	11

## CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### **Artigo 1.- Obxecto.**

A presente ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral o exercicio da venda ambulante dentro do termo municipal de Culleredo.

### **Artigo 2.- Marco normativo.**

A venda ambulante no municipio de Culleredo sométese ao disposto na Lei 10/1988, de 20 de xullo, de ordeación do comercio interior de Galicia, no Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordeación da venda ambulante, e demais normativa aplicable.

## CAPÍTULO II. DA VENDA AMBULANTE

### **Artigo 3.- Concepto de venda ambulante.**

Enténdese por venda ambulante a realizada por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

A venda ambulante únicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

### **Artigo 4.- Modalidades de venda ambulante.**

As modalidades de venda ambulante permitidas no Concello de Culleredo serán as seguintes:

- a) A venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboación, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadrados, entre outros, os realizados en feiras e "mercadillos" e rastros.
- b) A venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
- c) A venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que teñan lugar con motivo de feiras ou acontecementos populares.
- d) A venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda, aquela realizada nos citados medios autorizados nas zonas ou lugares determinados.
- e) Venda directa exercida polos agricultores no seu término municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción.

### **Artigo 5.- Competencias municipais.<sup>1</sup>**

5.1. Corresponde ao Concello de Culleredo, sen perxuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante no seu territorio e a ordenación, execución, e control das medidas necesarias para o desenvolvemento do mercadillo que se celebra todos os segundos domingos de cada mes nas rúa Vicente Risco e na Avda. de Rutis co seguinte horario:

De instalación: de 08.30 a 09:30 horas.

De funcionamento: de 09:30 a 15:00 horas.

De recollida: de 15:00 a 17:00 horas.

Asemade, corresponderalle a fixación das taxas que se teñan que aboar polo exercizo de actividades na zona da rúa Vicente Risco

<sup>1</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 27 de xuño de 2006. BOP nº 217 de 20 de setembro de 2006

e na Avda. de Rutis.

5.2. Compételle ao Concello de Culleredo a determinación dos artigos que se autoriza a venda nos "mercadillos" que se celebren no termo municipal de Culleredo de conformidade coa normativa específica que regule a comercialización de cada grupo de produtos e as prohibicións específicas contidas na Lei 10/88, de 20 de xullo, de comercio interior de Galicia.

#### **Artigo 6.- Emprazamento da venda ambulante.**

1.-O Pleno do Concello de Culleredo, oídos os axentes económicos e sociais do municipio, delimitará o emprazamento ou localización da venda ambulante, establecendo igualmente os días, horario e frecuencia para os que se autoriza o seu exercicio, así como as dimensións e as características que deberán reunir os postos e/ou os pertencentes a cada unha das diversas seccións que concurran aos certames.

2.-O Concello comprométese a manter o calendario e os horarios establecidos para a celebración da venda ambulante. Non obstante, cando as circunstancias derivadas de celebracións tradicionais ou especiais, causas de forza maior ou razóns de orde público, debidamente xustificadas, así o aconsellen, poderán suspender temporalmente as autorizacións ou modificar as datas ou horarios, sen que iso xenere indemnización algunha a favor dos adxudicatarios.

### **CAPÍTULO III. DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE**

#### **Artigo 7.- Características das autorizacións.<sup>23</sup>**

1. Para a instalación dun posto de venda ambulante no municipio será preciso a obtención da correspondente autorización municipal, conforme o procedemento que se especifica na presente ordenanza.

2. Esta autorización tan só dará dereito a un só posto de venda, e só poderá solicitarse unha por cada I.A.E. regulamentario.

No caso de sociedade mercantís que soliciten un posto no Mercadillo, as autorizacións outorgaranse, en todo caso, a nome da sociedade, que deberá cumprir tódolos requisitos establecidos nesta Ordenanza. Nestes casos, a autorización será limitada a un número máximo de postos, que non poderá exceder nunca de un posto por cada IAE regulamentario.

3. As autorizacións serán personais e intransferibles sen perxuízo de que baixo unha mesma titularidade poidan operar mais dunha persoa física, neste suposto deberá existir unha relación cotractual ou societaria entre o titular e a persoa física que leve a efecto a actividade comercial.

Non obstante o disposto no apartado anterior, en caso de enfermidade grave, suficientemente acreditada ou falecemento do titular, cando éste sexa persoa física, a autorización poderá ser concedida, por este orde, ao cónxuxe e aos fillos. A concesión desta autorización será para o resto do período de vixencia, sempre que reúnan as condicións esixidas nesta ordenanza.

4. A autorización terá inicialmente un período de vixencia dun ano natural, caducando polo tanto o 31 de decembro. Tratándose de autorizacións concedidas durante o ano ao que se refiran, a súa vixencia abarcará dende a data de concesión ata o final do ano natural.

Non obstante, rematado o período inicial de vixencia, a autorización entenderase renovada automaticamente, previo pago das taxas correspondentes, agás que o interesado comunique expresamente e por escrito a súa vontade de non proceder a dita renovación, cunha anterioridade mínima de 30 días á data de remate do ano correspondente. En calquera caso, a duración da autorización e das súas correspondentes prórrogas non poderá superar os cinco anos. Transcurrido este prazo, a autorización quedará automaticamente caducada, debendo o interesado proceder, de ser o caso, a formular nova solicitude.

Nas modalidades de venda ambulante autorizada por esta ordenanza, distintas da venda en mercadillo, a duración da autorización será anual ou a que se fixe na mesma e se suxeitará as condicións establecidas para dita modalidade, agás nos casos que se efectúe na modalidade de venda en festas populares en cuio caso a autorización se limitará ao mencionado período.

5. O vendedor ambulante non adquirirá de xeito algún dereito sobre o posto que en principio se lle asine, xa que éste non terá o carácter de permanente. As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario, xa que logo poderán ser revogadas pola Alcaldía, cando se considere convinte, en atención á desaparición das circunstancias que a motivaron, sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación ningunha. Igualmente a Alcaldía, previa resolución motivada, que será comunicada aos interesados, poderá dispor os terreos que veñan ocupando os postos de venda ambulante para realizar algún evento especial, sen

<sup>2</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 27 de xuño de 2006. BOP nº 217 de 20 de setembro de 2006

<sup>3</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 03 de novembro de 2009. BOP nº 16 de 26 de xaneiro de 2010

que isto dea dereito a ninguna indemnización.

6. A asignación da localización correspondente a cada autorización é competencia da Alcaldía, ou no seu caso do Concelleiro Delegado.

7. Para a distribución dos postos elaborárase un plano do lugar onde se ubicará o mercadillo no que figurarán debidamente identificadas as zonas nas que poderán ubicarse os postos.

Os interesados nun posto de venda sinalarán na súa instancia a orde de preferencia das zonas establecidas.

Cando as solicitudes para unha determinada zona superen as que poidan ser autorizadas na mesma concederanse mediante sorteo.

A ubicación concreta do posto dentro de cada zona será determinada polo órgano competente en función das circunstancias concurrentes e reflexarase nun plano debidamente aprobado.

8. Limitase a lonxitude dos postos a 10 metros lineais, salvo autorización expresa por parte de Alcaldía.

#### **Artigo 8.- Requisitos para o exercicio da venda ambulante.<sup>45</sup>**

1. Para o exercicio da venda ambulante as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Estar dadas de alta no correspondente epígrafe fiscal do IAE, na modalidade de venda ambulante, en calquera das cotas contidas nas tarifas del, e justificación de estar ao día no pagamento da correspondente tarifa.  
Este requisito refírese a calquera das modalidades de IAE, local, provincial, autonómica ou estatal, e non supón a obriga de facelo en todos e cada un dos municipios se se satisface unha cuota de superior ámbito que xa a comprenda.
- 2) Estar ao día do pagamento das súas obrigas co Facenda Pública e coa Seguridade Social.
- 3) Dispoñer de póliza contratada sobre seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.
- 4) Estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, que se creou polo Decreto 194/01, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.
- 5) Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables aos produtos autorizados que teñan á venda.
- 6) Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda. Esta autorización sinalará o obxecto da venda e deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente.
- 7) Se o titular procede de países non comunitarios deberá estar en posesión dos permisos de residencia e traballo, ou de proceder de países comunitarios, da tarxeta de residencia.
- 8) Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.
- 9) Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, de que os produtos obxecto da venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente a súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas, así como de responder dos produtos que venda, de acordo todo isto co establecido pola lei e demais disposicións vixentes.

2. As solicitudes de autorización deberán formularse no modelo normalizado que se proporcionará nas oficinas municipais, ao que se achegará a seguinte documentación:

- Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
- Persoas xurídicas: fotocopia compulsada do CIF, da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle fose aplicable. Se non é así, deberá achegar escritura ou acta fundacional, nas que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritas, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

<sup>4</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 27 de xuño de 2006. BOP nº 217 de 20 de setembro de 2006

<sup>5</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 03 de novembro de 2009. BOP nº 16 de 26 de xaneiro de 2010

- Poderes: cando o solicitante non actúe en nome propio ou se trate de persoa xurídica, deberá achegarse fotocopia compulsada do poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome do que concorre ante a Administración, así como fotocopia do NIF do apoderado.
- Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.
- Fotocopia compulsada do último recibo acreditativo do pagamento do imposto de actividades económicas correspondente, con indicación do epígrafe ou epígrafes fiscais correspondentes e clase (municipal, provincial ou nacional), ou declaración de exención, no seu caso.
- Certificación de alta do solicitante no réxime correspondente da Seguridade Social, así como xustificante de estar ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do carné de vendedor ambulante en vigor expedido pola Xunta de Galicia.
- Acreditar, se é o caso, a titulación e colexiación oficial, así como a prestación das fianzas e aquelas garantías que sexan esixidas pola lexislación vixente para a venda de determinados produtos ou prestación de determinados servizos. No suposto de non estar obrigado a acreditar os extremos antes expresados, presentarse declaración xurada na que se faga constar este pormenor.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente acreditativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais.
- Declaración de quen vai ser a persoa que exercerá a venda no posto solicitado. No suposto que ésta sexa un traballador dependente do solicitante, éste presentará fotocopia compulsada do documento que acredite a alta daquel na Seguridade Social.
- Declaración expresa na que o petionario manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e o compromiso de observalas.
- Fotocopia compulsada do carné de manipulador de alimentos en vigor, no seu caso, se se van vender produtos alimenticios.
- Copia compulsada de póliza contratada en vigor sobre seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que poidesen derivarse do exercicio da actividade.
- Permisos de residencia e traballo, segundo a normativa específica vixente, no caso de que o solicitante sexa estranxeiro pertencente a país non comunitario, ou tarxeta de residencia, no caso de que proceda de país comunitario.

Toda esta documentación deberá presentarse tan só a primeira vez que se solicite a autorización, pero non no caso de renovación automática dela, agás a seguinte, que terá que ser presentada todos os anos antes do 30 de xaneiro, no caso do Mercadillo o prazo remata o 30 de decembro:

- a. Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b. En caso de venda de produtos alimenticios, cumprir os requisitos que establezan as regulacións sanitarias específicas, sobre todo, no tocante ao transporte e á exposición de produtos.
- c. Fotocopia compulsada do Rexistro de Comerciantes Ambulantes.
- d. Fotocopia compulsada do último recibo pagado do I.A.E., ou declaración de exención do mesmo.
- e. Certificado do correcto funcionamento das máquinas e instalacións.

En calquera caso, O Concello poderá solicitar calquera outra documentación que considere oportuna, dentro da normativa aplicable e para a comprobación dos requisitos esixidos para o normal exercicio da venda ambulante.

3. Os agricultores locais autorizados deberán acreditar documental e de forma suficiente ser titulares das explotacións agrarias de onde proceden os produtos de venda.

4. O modelo ou impreso normalizado que facilite o Concello conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- 1) Nome e apelidos, domicilio aos efectos de notificación, número do CIF, ou, de ser o caso, do pasaporte en vigor.
- 2) Emprazamento onde se pretende exercer a actividade.
- 3) Mercaderías ou produtos que se pretenden vender.

- 4) Tempo polo que se solicita a autorización.
- 5) Indicación de se a venda preténdese facer en posto desmontable ou dende vehículo.
- 6) Metros de ocupación que se solicitan.

#### **Artigo 9.- Outorgamento, anulación, suspensión ou modificación da autorización.**

1. Corresponde á Alcaldía ou, no seu caso, á Concellería Delegada a concesión, anulación, suspensión ou modificación das autorizacións para o exercicio da venda ambulante en Culleredo, de acordo coas previsións contidas nesta ordenanza e demais normativa vixente.
2. O prazo máximo para dictar resolución expresa e notificala aos interesados será de tres meses. O vencemento deste prazo sen que se notifique a resolución expresa lexitimará aos interesados para entender desestimada a súa petición por silencio administrativo.

#### **Artigo 10.- Tarxeta de Identificación Municipal de Venda Ambulante.**

1. O Concello expenderá unha tarxeta ou documento acreditativo da autorización para o exercicio da venda ambulante no que constará:
  - Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización.
  - Modalidade de venda ambulante que se autoriza.
  - Determinación dos artigos que poidan ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene e seguridade especialmente necesaria para o caso.
  - Determinación dos lugares e dimensións, así como dos días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercicio da venda ambulante.
  - Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.
  - Referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
  - Condicións particulares ás que, no seu caso, queda suxeito o titular da autorización.
  - Período de vixencia da autorización.
2. O vendedor está obrigado a expoñer dito documento en lugar ben visible do seu posto de venda, e a exhibilo ás autoridades ou axentes municipais ou de calquera natureza cando estas se llo pidan.
3. Os servizos municipais levarán un libro rexistro de autorizacións.

#### **Artigo 11.- Rexistro municipal de vendedores ambulantes.<sup>6</sup>**

Creárase o Rexistro municipal de vendedores ambulantes, que será xestionado polos servizos municipais de promoción económica e a inscrición no mesmo será consecuencia inmediata da autorización municipal correspondente para o exercicio da actividade.

### **CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DA VENDA AMBULANTE**

#### **Artigo 12.- Réxime de funcionamento.**

1. A venda de produtos perecedeiros axustarase, en todo momento, ás condicións e as esixencias hixiénico-sanitarias establecidas pola normativa vixente, e o Concello exercerá o debido control sobre o mesmo.
2. Os postos deberán situarse no lugar indicado polo Concello. Baixo ningún concepto poderán ser colocados de xeito que interrompan o paso dos peóns, o acceso aos locais comerciais ou industriais, e oculten a súa entrada aos seus escaparates ou exposicións. Así mesmo, tampouco poderán situarse diante dos accesos ou fachadas dos edificios públicos.

<sup>6</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 27 de xuño de 2006. BOP nº 217 de 20 de setembro de 2006

3. Os postos serán numerados e a exposición dos xéneros nos mesmos realizarase mediante mesas de quita e pon e nunca sobre o pavimento.
4. Os toldos dos postos deberán colocarse de forma que non causen molestias aos veciños, especialmente en días de choiva. O xénero colocado nos saintes non deberá sobrepasar a liña de mostrados. Os postos deben gardar a alineación anterior e posterior. A separación máxima entre os postos será de 50 cm.
5. Os vendedores, na súa actividade, deberán evitar producir molestias e incomodidades que perturben o orde público. A tal fin, cumpriran as ordes que lles transmitan os axentes da autoridade ou persoal municipal encargado ao efecto, sobre horarios, montaxe e desmontaxe, ruidos, publicidade, distribución ou calquera outro tema que afecte ao seu desempeño.
6. Os ocupantes dos postos deberán manter estes ordeados e en perfectas condicións hixiénicas. Así mesmo, deberán cumprir as instrucións que se dicten pola autoridade ou os seus axentes sobre limpeza, etc, debendo recoller nun recipiente os refugallos producidos durante a actividade feiral, de maneira que, unha vez ésta finalice, os mesmos sexan depositados nos correspondentes contedores instalados polo Concello para tal efecto, debendo quedar o espacio ocupado polo seu posto en perfectas condicións hixiénicas.
7. Queda prohibida a participación de menores de 18 anos nas actividades de venda ambulante.

#### **Artigo 13.- Obrigas dos vendedores.<sup>7</sup>**

O titular da autorización para a realización da venda ambulante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta e ao corrente no pago do Imposto de Actividades Económicas ou declaración de exención, no seu caso.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións no mesmo.
- c) A venda de produtos perecederos axustarase, en todo momento, ás condicións e as esixencias hixiénico-sanitarias establecidas pola normativa vixente, poidendo ser retirada a mercadoría, de acordo co establecido coa dita normativa, sen dereito a indemnización no caso de infracción a tal normativa.
- d) Estar en posesión da autorización municipal correspondente.
- e) Acreditar estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e dispoñer do correspondente documento acreditativo.
- f) Acreditar que o posto desmontable ou transportable e o camiión ou vehículo-tenda no que se exerza a venda ambulante cumpre coa normativa específica de seguridade e de hixiene en cada intre vixente.
- g) No caso de estranxeiros, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.
- h) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- i) Os vendedores deberán estar en posesión de facturas ou albaráns que acrediten a procedencia da mercancía e deberán presentalas ante o requerimento das autoridades competentes.  
A ausencias destas ou a negativa a presentalas, poderá dar lugar á calificación de "mercadoría non identificada", procedéndose a súa retención ata que se produza a identificación da súa procedencia, concedéndose, a tal efecto, un prazo máximo de quince días. Finalizado dito prazo, daráselle o destino que se estime pertinente.
- j) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda, etc., nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Deberán ao remate da xornada comercial, deixar limpos de refugallos os espazos ocupados.

#### **Artigo 14.-**

A autorización municipal de venda ambulante será persoal e intransferible.

Terá un período de vixencia dun ano.

A devandita autorización será expedida previo pago da taxa regulada na ordenanza fiscal correspondente.

<sup>7</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 27 de xuño de 2006. BOP nº 217 de 20 de setembro de 2006

## Artigo 15.- Taxas.

Todas as taxas que dimanen da venda ambulante serán reguladas pola correspondente ordenanza fiscal.

## CAPÍTULO V. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE

### *Subcapítulo 1.- Venda en "mercadillos".*

#### Artigo 16.- Réxime de funcionamento.<sup>8</sup>

1.- Teñen a consideración de mercadillos fixos os que se celebran de forma periódica ao longo de todo o ano, na ubicación, días e lugares prefixados polo Concello.

- a) O mercadillo fixo: ubícase na rúa Vicente Risco e na Avda. de Rutis.  
O mercadillo celebrarase o segundo domingo de cada mes.
- b) O Concello reservase a facultade de modificar o emprazamento, así como o día e hora de celebración, se xurdisen necesidades xerais debidamente xustificadas.
- c) A Administración resérvase a potestade de acordar, se xurdisen circunstancias de orde público ou interese xeral que así o aconsellen, a suspensión da celebración destes "mercadillos" e "feiróns", polo tempo que resulte necesario para atender a prioridade surdida, sen dereito a indemnización algunha.
- d) En ningún caso poderán establecerse novos "mercadillos" sen a autorización previa do Pleno do Concello.
- e) Os mercadillos terán o seguinte horario:
  - De instalación: de 08:30 a 09:30 horas.
  - De funcionamento: de 09:30 a 15:00 horas.
  - De recollida: de 15:00 a 17:00 horas.

#### 2.- Instalación.

A venda autorízase en postos de instalacións desmontables que terán unhas dimensións axeitadas ás características de cada autorización.

Todo "mercadillo" terá unha dotación de infraestructuras e equipamentos que garanta o cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene e respecto do medio urbano e veciñal onde se instala e que, polo menos, cumprirá as seguintes esixencias:

- O "mercadillo" deberá instalarse sobre superficie pavimentada.
- Dentro da superficie do "mercadillo" existirán depósitos destinados á recollida dos refugallos ocasionados pola actividade comercial.
- Os postos serán desmontables e os vendedores de artigos de alimentación estarán obrigados a dispoñer de instalacións de exposición, venda e almacenamento situados a unha distancia do chan non inferior a 60 cm e, ademais, estarán dotadas de paneles e protectores que eviten o deterioro ambiental e o contacto directo das mercadorías co público.
- As prohibicións de venda de produtos destinados ao consumo son as previstas no artigo 5.2 desta Ordenanza.
- As persoas autorizadas, ao final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos de refugallos os respectivos espazos. Para este fin deberán depositar o lixo nos depósitos colocados para tal efecto, desfacendo as caixas grandes para aproveitar axeitadamente a capacidade dos depósitos.
- Non se permite que os vendedores aparquen os seus vehículos dentro do recinto de venda, salvo que se trate de vehículos-tenda. Non obstante, poderán aparcar todos os vehículos, polo tempo necesario, para a instalacións dos postos, carga e descarga de mercaderías.

<sup>8</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 27 de xuño de 2006. BOP nº 217 de 20 de setembro de 2006



***Subcapítulo 2.- Venda en festas populares e noutros "mercadillos" ocasionais.***

**Artigo 17.-**

O Concello poderá acordar a instalación de "mercadillos" sectoriais para lograr a revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca. No devandito acordo fixaranse:

- a) A ubicación dos mercadillos.
- b) As posibles especialidades, respecto do réxime xeral, de outorgamento de autorizacións e funcionamento dos "mercadillos" que establece esta Ordenanza.
- c) Se o acordo de instalación de mercadillos sectoriais non dispón outra cousa, o réxime de outorgamento de autorización e de funcionamento será o establecido nesta Ordenanza con carácter xeral.
- d) O permiso de venda especificará a duración desta, e o xeito de pagamento da taxa correspondente.

***Subcapítulo 3.- Venda en postos na vía pública e postos demontables.***

**Artigo 18.-**

Se inclúen baixo a presente modalidade a venda ambulante realizada con ocupación de vía pública, en postos non fixos de carácter aislado, xa sexa de maneira ocasional ou habitual.

Quedan excluídos da presente regulación os postos na vía pública de carácter fixo e estable, que desenvolven a súa actividade de xeito habitual e permanente mediante a oportuna concesión administrativa, que se rexirá pola normativa propia.

**Artigo 19.- Venda ambulante na vía pública sen posto.**

Queda prohibida a venda ambulante na vía pública sen posto fixo, de mercaderías de calquera tipo.

**Artigo 20.- Rúas nas que se permite este tipo de venda.**

O Pleno do Concello, oídos os distintos axentes económicos e sociais do municipio, determinará a zona urbana de emprazamentos autorizados para o exercicio da venda ambulante.

***Subcapítulo 4.-Venda en vehículos de carácter itinerante***

**Artigo 21.-Réxime de funcionamento.**

Esta modalide de venda só se poderá exercer dende vehículo-tenda e sen posto fixo, axustándose ás seguintes características e nos supostos contemplados no artigo 4 d).

- 1) Os vehículos deberán dispor de cámara frigorífica en debidas condicións, cando os artigos obxecto de venda autorizados requirán determinadas condicións de frío ou refrigeración.
- 2) A venda limitarase ao ámbito xeográfico ou perímetro do término municipal que sinale o respectivo permiso. O seu incumprimento motivará a retirada do permiso con prohibición de exercer a venda durante o tempo que se sinale, sen prexuízo doutra sanción que se determine.
- 3) A Autorización municipal de venda, a súa renovación e o pagamento das taxas fixarase no permiso, rexendo no non disposto as condicións xerais da presente ordenanza e da ordenanza fiscal que sexa de aplicación.

### ***Subcapítulo 5.-Venda de productos agrícolas de tempada polos propios produtores.***

#### **Artigo 22.- Actividades permitidas.**

Permiteselles a venda aos agricultores de produtos de tempada que proveñan exclusivamente das súas explotacións. Queda prohibida, en consecuencia, a revenda de todos aqueles produtos previamente adquiridos en almacéns de distribución, lonxas ou a outras persoas e, en xeral, de todos aqueles que teñan unha orixe diferente á da propia explotación.

#### **Artigo 23.- Da autorización e circunstancias presentes para a súa autorización.**

Para poder exercer este tipo de venda é necesario estar en posesión da autorización municipal especial correspondente, que ha de estar sempre visible para a comprobación policial.

Esta autorización será persoal e intransferible, pero, por causa debidamente xustificada, e de xeito excepcional, poderá actuar en nome da persoa titular, o seu cónxuxe e fillos.

Non poderá acadar este tipo de autorización ningún profesional da venda nin ningunha persoa que non produza por si as mercaderías que vai vender.

#### **Artigo 24.- Características especiais dos postos.**

As dimensións máximas dos postos serán de 3 x 1,5 metros.

En ningún caso poderán exhibirse os produtos directamente enriba do chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade, ou ben directamente nas cestas.

#### **Artigo 25.-**

Este tipo de venda só se poderá levar a cabo nos lugares nos lugares habilitados para tal fin polo Concello.

### **CAPÍTULO VI. DEROGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS**

#### **Artigo 26.-Extinción.<sup>9</sup>**

1. A ausencia non xustificada durante dous días consecutivos ou tres alternos dentro do mesmo semestre será motivo de perda da autorización.

2. Nos supostos de revogación da autorización de venda ambulante ou de exercicio da mesma sen autorización, o infractor ven obrigado, ademais do cese da actividade, a retirar o posto de venda no prazo que se indique na resolución da Alcaldía. De non cumprirse coa orde de cese e de retirada, procederase á execución forzosa das citadas obrigas mediante execución subsidiaria ou con imposición de multas coercitivas reiterables de ata 90,15 euros cada unha.

### **CAPÍTULO VII. RÉXIME SANCIONADOR**

#### **Artigo 27.- Infraccións e sancións.**

Constitúen infraccións unicamente as condutas tipificadas como tales neste artigo:

1. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

##### **2. Serán faltas leves:**

- Producir ruídos, berros ou música que incumplan a ordenanza de ruídos e vibracións.
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circulante.

##### **3. Serán faltas graves:**

- A reiteración por dúas veces en faltas leves en tres meses.

<sup>9</sup> Artigo modificado por acordo plenario de data 27 de xuño de 2006. BOP nº 217 de 20 de setembro de 2006

- Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- A venda de produtos distintos dos autorizados.
- A instalación de postos en lugar distinto do autorizado.
- Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadería.
- A desobediencia a atender as normas de orde e indicacións da Policía Municipal.

#### **4. Serán faltas moi graves:**

- A reiteración por dúas veces de faltas graves en tres meses.
- Non estar inscrito no imposto de actividades económicas ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
- Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- O incumprimento de cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- Incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que vendan.
- O exercicio de actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- A instalación de postos sen autorización.
- A venda de produtos non autorizados.

5.- Aquelas infracción da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, de 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seránlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

#### **Artigo 28.- Sancións.**

As sancións que se aplicarán serán as seguintes:

1. Por infracción leve: multa de ata 30,00 euros.
2. Por infracción grave: multa de entre 30,01 a 60,00 euros.
3. Por infracción moi grave: multa de 60,01 a 90,00 euros

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para realizar a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves, así como a posibilidade de decomisar a mercadería nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Correspóndelle á Alcaldía ou, no seu caso, á Concellería Delegada a imposición de multas e demais sancións.

#### **Artigo 29.- Procedemento.**

Para a determinación das infraccións e imposición de sancións previstas nesta Ordenanza, será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real/Decreto 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento e procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, a Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Jurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normas concordantes.

#### **Disposición derogatoria.-**

Queda derogada a Ordenanza Municipal de venda ambulante aprobada definitivamente polo Pleno en sesión celebrada o día 2 de agosto de 1993 e publicada no B.O.P. nº 205, de data 6 de setembro de 1993.

#### **Disposición final.-**

A presente Ordenanza entrará en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, unha vez publicado o seu texto no B.O.P. e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.